



Asunto	Informe en relación á resposta do promotor ao informe do 18.12.2022 da Dirección Xeral de Patrimonio Natural	Clave	PE-CO-012-20(2)
Proxecto	Parque eólico Alvite II		
Espazo natural	Ningún		
Concello	Santa Comba, Mazaricos e Negreira		
Provincia	A Coruña		
Solicitante	Servizo de Enerxía Renovables e Eficiencia Enerxética - Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación	Ref.	IN408A 2019/016
Promotor	Green Capital Power S.L	Ref.	

I. Antecedentes administrativos

Mediante oficio do 11.01.2023 do Servizo de Enerxía Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación tivo entrada, na Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para o noso coñecemento e aos efectos oportunos, a resposta da promotora do 30.12.2022 ao informe desta dirección xeral do 18.12.2022 sobre o estudo de impacto ambiental do parque eólico de Alvite II.

Con esta fin acompáñase a seguinte documentación:

- Escrito do 30.12.2022 de Green Capital Power S.L, que ten por asunto: *"Resposta informe de Dirección Xeral de Patrimonio Natural"*.
- Adenda al *"Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alvite II. Enero 2022"*. Concellos de Negreira, Mazaricos y Santa Comba (A Coruña). Diciembre 2022.
- *"Análise do Efecto Barreira e Sinerxias dos Parques Eólicos do "Nudo de Lousame" de Green Capital Power S.L."*

Con anterioridade e dentro do procedemento de avaliación ambiental esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural emitiu un informe en relación ao estudo de impacto ambiental deste proxecto. O informe evacuouse o 18.12.2022 ao Servizo de Enerxía e Minas da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Empresa e Innovación. O informe evacuado era desfavorable á



implantación do proxecto ao determinarse da análise de sinérxias a existencia dun impacto crítico, que ocasionarían impactos acusados sobre o patrimonio natural e a biodiversidade. O informe tamén se facía eco de outras carencias detectadas na documentación que se achegaba para a emisión do informe. Tratábase dun informe feito en base os datos e información que esta Dirección Xeral tiña.

II. Análise da documentación.

A documentación que se achega da promotora vai dirixida á Dirección Xeral de Industria da Vicepresidencia Primeira da Consellería de Economía, Empresa e Innovación,

O corpo principal de dita documentación se encontra no escrito do 30.12.2022 que ten por asunto *"Resposta informe de Dirección Xeral de Patrimonio Natural"* e, entre outros aspectos, solicita á Dirección Xeral de Industria que en base ao que sinalan no mesmo deixen sen efecto o informe emitido pola DXPN o 18.12.2022 e emita outro adaptado a realidade actual do expediente. De acordo con isto o promotor expón en 5 puntos os considerandos que avalan esta solicitude.

A continuación se irá expoñendo o contido esencial de cada un destes procedéndose simultaneamente a analizalos, tendo en conta que cas novas modificacións han cambiado o escenario do proxecto. Non se fai unha transcripción íntegra, omitindo algúns aspectos que se estiman redundantes quedando estas ausencias identificadas por uns corchetes con puntos suspensivos [...].

— Primeiro considerando.

Neste 1º apartado o promotor manifesta que *"Con carácter xeral, entendemos que o informe emitido pola DXPN, a parte de crear inseguridade xurídica, esta baseado en xeneralidades, carece de cobertura técnico xurídica e de criterios técnicos"*. Co fin de argumentar estas afirmacións o promotor motiva as mesmas en 5 subapartados. A continuación irase expoñendo cada un destes seguido das observacións da DXPN.

"a) Inexistencia de normativa habilitante para a emisión de informes sobre sinérxias. Falta de transparencia en canto á metodoloxía e criterios





empregados: a Inexistencia de normativa específica reguladora dos efectos sinérgicos. Trátase de apreciacións meramente subxectivas dos emisores dos informes, con criterios non explicitados nin suficientemente motivados nos informes, sen que indiquen, en ningún caso, a metodoloxía seguida. Debemos comparar esta falta de transparencia da Administración en canto a devanditos criterios, e a rotundidade con que a propia Administración maniféstase á hora de declarar o cumprimento dos proxectos presentados da normativa ambiental, ao que antes fixemos referencia”.

Ao respecto deste subapartado sinalar dende a DXPN que:

- ❖ Sin entrar en outro tipo de consideracións, esta Dirección Xeral, tendo en conta a modificación do proxecto e ca nova documentación aportada, observa un cambio importante no proxecto polo que se procede a realizar unha nova análise do mesmo avaliando entre outras cousas, os efectos acumulativos e sinérxicos sobre as poboacións de aves e quirópteros empregando para elo, a mesma metodoloxía exposta no informe do 18.12.2022 sobre efectos acumulativos e sinérxicos.

O promotor segue sinalando que:

”b) Improcedencia absoluta de normativa habilitante aducida para estimar a existencia de efectos sinérgicos: Máis grave aínda se cabe que a falta de transparencia e de normativa específica sobre materia de sinerxias, resulta que a normativa aducida para xustificar os presuntos efectos sinérgicos é TOTAL E ABSOLUTAMENTE INAPLICABLE ao suposto que nos ocupa. En efecto, en ningún caso, en procedementos en trámite cabe aducir normativa inexistente, ou non aprobada. Por tanto NON PODE invocarse a Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo, é dicir, que non están concluídos, nin son públicos, nin resultan de ningún xeito accesibles ao administrado, debido a que non existen xuridicamente. Por outra banda, é improcedente tamén invocar a Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se actualiza a delimitación das áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, e dispónse a publicación das zonas de





protección existentes na Comunidade Autónoma de Galicia nas que serán de aplicación medidas para a protección da avifauna contra a colisión e a electrocución en liñas eléctricas de alta tensión. Dita Resolución ten o concreto ámbito específico de operatividade, con base no Real Decreto que desenvolve, e que se explicita na súa Exposición de Motivos:

[...]

En conclusión, a citada Resolución é aplicable a LINEAS ELECTRICAS, pero NON por analoxía a PARQUES EÓLICOS. Non se pode utilizar unha norma restrictiva fora do seu ámbito específico de aplicación”.

Sobre estas cuestións debe sinalarse que:

- ❖ A DXPN expón na súa metodoloxía os criterios seguidos, non alude en ningún caso que a normativa inclúa limitacións específicas por sinerxias. Non hai alusións no informe a normas inexistentes ou non aprobadas.
- ❖ A Resolución do 18 de outubro de 2021 efectivamente impón só limitación no caso das liñas de alta tensión e nuns supostos concretos. Non obstante, esta norma se usa pois informa de maneira clara e oficial de zonas onde hai áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local de aves incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas. Estas áreas foron delimitadas no seu momento por esta DXPN polos valores da avifauna presente.

Resulta evidente que, dende o punto de vista dos impactos sobre a avifauna, estas áreas son máis importantes que o resto do territorio e a capacidade de acollida de parques eólicos é, en consecuencia, menor.

- ❖ Non se usa normativa fóra do seu ámbito específico de aplicación. Úsase información cartográfica relevante que pon de relevo información substancial e publicada para a análise de impactos sobre o patrimonio natural e a biodiversidade.

O promotor segue sinalando que:





"c) Non se teñen en conta os estudos aportados polo promotor. Os informes emitidos pola DXPN omiten calquera referencia ao contido dos estudos sobre sinerxias elaborados por equipos técnicos amplamente cualificados e con experiencia en estudos similares, entre os que se inclúen biólogos e enxeñeiros, evitando rebater as conclusións destes".

Ao respecto deste subapartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Estas aseveracións do promotor non se sosteñen; explicitamente no informe se fai referencia aos estudos achegados nese primeiro momento, veanse os informes emitidos. Ademais, en esta Dirección Xeral non se tiña coñecemento da redución do número de aeroxeradores (de 6 a 3), o que cambia a visión do proxecto.

O promotor segue sinalando que:

"d) Utilízase o rexistro eólico de Galicia para o cómputo de proxectos cos que se fan as sinerxias pero non se ten en conta a realidade fáctica dos mesmos. O rexistro eólico non ten efectos xurídicos, non está actualizado e non e reflexo da realidade dos proxectos na súa situación actual. O artigo 43 da Lei 8/2009, do 22 de decembro sinala: "O Rexistro Eólico de Galicia constitúese coa finalidade de ser unha ferramenta electrónica de acceso e consulta pública".

Por outra parte non parece admisible de ningún xeito que se teñan en conta TODOS os proxectos de PP.EE. presentados. Haberá que discriminar, ver os que existen, os que están autorizados, e os que simple e nominalmente presentaron unha solicitude que de ningún xeito cabe identificar cos parques "propostos" de que fala a U.E. a efectos de considerar os seus eventuais efectos sinérxicos".

Ao respecto deste subapartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ O estudio de sinerxias do promotor tamén usa os datos do Rexistro Eólico de Galicia (REG).
- ❖ A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece no seu anexo VI, parte A, apartado 4.b.5º que se estudará a acumulación dos efectos do proxecto con outros proxectos, existentes e/ou aprobados, tendo en conta os problemas ambientais existentes relacionados con zonas de importancia





ambiental especial, que poderían verse afectadas ou o uso dos recursos naturais. Isto mesmo, e o que se ha tido en conta ca nova modificación do proxecto.

O promotor segue sinalando que:

“e) Contemplan a ponderación duns criterios xerais para todos os casos, independentemente lle son de aplicación ou non, das que se descoñece a fórmula de aplicación e en que grado afectan.

Da análise destas referencias vemos unha multiplicidade de datos e referencias a distancias que carecen da máis mínima fundamentación “in re”. Cal é o criterio polo que a Administración observa que en 5 km, 10 ço 15 km prodúcense efectose sinérxicos? Non aparece ningún estudo, método, referencia normativa, da Unión Europea, do Estado, ou autonómica que xustifique tal decisión. Non se explica por que en 5 km caben efectos sinérxicos e en 6 km non. NON hai a máis mínima motivación, máxime cando se introduce por primeira vez, e nesta fase do procedemento este tema de forma explícita”.

Ao respecto deste subapartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ A metodoloxía e os criterios xa foron expostos e fundamentados no informe de 18.12.2022, pero vólvese a repetir que a nova modificación presentada implica volver facer unha nova análise do proxecto dende o punto de vista de efectos acumulativos e sinérxicos que mais adiante se comentará.

— **Segundo considerando.**

No apartado 2º o promotor sinala o seguinte:

“O informe da DXPN do 18.12.2022, analiza o EslA e basa o sentido desfavorable do informe “O parque eólico Alvite II sitúase, xunto co parque Alvite (ambos dous solicitados polo mesmo promotor), no cuadrante noroeste da ADE, pechando o pouco espazo dispoñible entre os PPEE Serra de Outes (fase I), Banzas e Corzán (coa súa ampliación) por unha banda e cos PPEE A Picota e A Picota II pola outra. Entre todos eles forman un denso conglomerado que produce un efecto baleiro e que, ademais, contribúen ao ensanche da barreira eólica que se mencionou. Por todo iso, estímase que o efecto sinérxico e





acumulado sobre a avifauna e os quirópteros debe cualificarse como impacto ambiental crítico”.

“A este respecto sinalar que segundo o estudo da SEO/BirdLife cualifica o efecto barreira como crítico cando afecta a especies globalmente ameazadas ou a unha especie en perigo de extinción ou sensible á alteración do seu habitat ou si se trata dun lugar de paso migratorio; é severo cando representa unha ameaza para unha especie do anexo I da Directiva de aves ou do do anexo II da Directiva de Habitats; e é moderado se representa unha ameaza para una especie catalogada como vulnerable. No caso do PE Alvite II, como se recolle no estudio de avifauna elaborado pola consultora ambiental como anexo ao Estudo de Impacto Ambiental, ningunha das especies observadas se atopa dentro da categoría de ameazadas a nivel autonómico nin estatal. E respecto dos quirópteros, ningún dos dous xéneros rexistrados se identifican como especies protexidas catalogadas segundo a lexislación autonómica e estatal. Tampouco nos atopamos nun ámbito de paso migratorio. Polo que en ningún caso se pode clasificar como “crítico” como se indica no informe da DXPN do 20.12.2022, senón como “compatible”. O informe da DXPN fai unha interpretación “á carta” para clasificar o efecto barreira, baseándose unicamente na existencia de aeroxeneradores (con datos erróneos ou non actualizados) e non na presenza de avifauna e/ou quirópteros.

Cabe resaltar que o informe da DXPN do 18.12.2022 para analizar os efectos sinérxicos e acumulativos das aliñacións de aeroxeneradores xerados nas poboacións de aves e quirópteros non fai unha soa mención ás supostas poboacións de avifauna nin ás de quirópteros para os que o PE Alvite II, e os proxectos cercanos, van supoñer un impacto crítico por eses efectos e só menciona con carácter xeral, condicional e futurible a que “Os impactos que un parque eólico pode xerar sobre o patrimonio natural e a biodiversidade poden chegar a xerar efectos acumulativos e sinérxicos, especialmente sobre as poboacións de aves e quirópteros. No caso de Galicia, este tipo de impactos secundarios irá en aumento, en paralelo coa crecente densidade de aeroxeradores. As máquinas que se instalan, de tipo tripala, teñen como efecto máis evidente e medible a morte por colisión de aves e quirópteros. Algunhas





das especies máis afectadas teñen poboacións reducidas e baixas taxas de substitución. En consecuencia, esta Dirección Xeral de Patrimonio Natural ven establecendo unha serie de medidas dirixidas a minimizar este impacto". Non é o caso da avifauna e dos quirópteros presentes no ámbito de estudo do PE Alvite II (as de poboacións reducidas e baixas taxas de substitución) e as medidas indicadas pola DXPN, nos anteriores informes, xa se atopan implementadas no proxecto definitivo".

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Vistas as novas modificacións presentadas, dende esta Dirección Xeral engádesse que se procederá a unha nova avaliación dos efectos acumulativos e sinérxicos sobre a avifauna e os quirópteros, valorándose o espazo afectado polo parque eólico Alvite II ca redución do número de aerogeneradores, en conxunto co resto de parques eólicos da zona (en funcionamento ou en trámite de aprobación).
- ❖ Esta análise irá baseada nos criterios e na metodoloxía exposta no informe do 18.12.2022, centrándonos especificamente nos efectos que se poidan producir sobre a avifauna e os quirópteros.
- ❖ Por outro lado, será importante ter en conta que aunque non nos atopamos nun ámbito de paso migratorio, faise necesario valorar as rutas locais e diarias das aves e quirópteros nas proximidades dos parques eólicos.

— **Tercer considerando.**

Neste apartado o promotor sinala o seguinte:

"O Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Alvite II foi elaborado pola empresa IDOM, S.A. con CIF: A48283964, mentres que a Adenda ao Estudio de Impacto Ambiental elaborouna Emberiza Estudios Ambientales S.L.U. con CIF: B70511373. Ambas empresas teñen ampla experiencia na realización de estudos de impacto ambiental de proxectos de enerxías renovables. Todo isto foi efectuado por un equipo técnico amplamente cualificado e con experiencia en estudos similares, entre os que se inclúen biólogos e enxeñeiros.





*Tal e como se recolle no Estudio de Impacto Ambiental e na Adenda ao mesmo, durante o estudo preoperacional de avifauna, realizado durante un ciclo anual, recorréronse máis de 12 km en itinerarios e acumuláronse unhas 10 h de observación dende estacións focais fixas para a identificación de aves rapaces e outras especies de interese. Nas estacións de observación rexistráronse 4 especies de aves rapaces diúrnas, sendo a máis frecuente o miñado (*Buteo buteo*) con 15 contactos, cifra que evidencia, en calquera caso, unha baixa presenza e/ou actividade da especie na zona. As outras 3 especies de rapaces (*Circaetus gallicus*, *Falco tinnunculus* e *Falco peregrinus*) presentan, se cabe, abundancias aínda menores. As especies máis frecuentes durante os itinerarios foron especies de ampla distribución, como son a choia negra (*Corvus coroe*), o paporrubio europeo (*Erithacus rubecula*), o pinzón vulgar (*Fringilla coelebs*), o merlo común (*Turdus merula*) ou a pomba torcaz (*Columba palumbus*), rexistrándose un promedio de 32 aves/10 ha, o que representa un valor medio tendo en conta a rexión xeográfica e os hábitats presentes.*

En todo caso, non se detectou ningunha especie de ave ameazada segundo a lexislación estatal e/ou autonómica vixente. É destacable que o Parque Eólico Alvite II, logo dos informes sectoriais emitidos no trámite de información pública, estará conformado por 3 aeroxeradores situados nun entorno alterado no que predomina o mosaico agrario constituído fundamentalmente por predios de labranza, cultivos e/ou praderías, e non por 6 aeroxeneradores como erroneamente sinala o informe da DXPN do 18.12.2022.

Considerando os proxectos aprobados na data de elaboración da presente resposta, as infraestructuras proxéctanse maioritariamente sobre entornos alterados pola actividade agrícola e forestal, nos que a diversidade e densidade de especies é media, coincidindo coas densidades rexistradas durante os estudos de campo realizados no entorno do PE Alvite II.

Cabe indicar, que durante os seguimentos realizados ao longo dun ano no PE San Cosmeiro, PE O Vao e PE Alvite detectouse como a especie máis frecuente





*o miñado (*Buteo buteo*) e non se rexistraron especies protexidas en base á lexislación autonómica e estatal vixente.*

A vista destes resultados pódese afirmar que a zona non é querencial para as aves rapaces.

Durante as mostraxes, non se detectaron colonias, durmideiros ou comportamento reproductor e tampouco presenza de áreas de nidificación na zona de estudo, tampouco se detectaron rutas migratorias na zona que sean susceptibles de ser afectadas polo efecto barreira.

Á vista da ubicación do PE Alvite II e as valoracións de impacto efectuadas no Estudio de Impacto Ambiental (incluíndo o Estudio de Efectos Acumulativos do PE Alvite II) e a Adenda relativa ao parque eólico, non se prevé que esta infraestrutura en conxunto coas autorizadas actualmente e as que se atopan en tramitación supoña un efecto baleiro posto que as especies detectadas no estudio preoperacional, tal e como se observa noutros seguementos de parques eólicos e explotación, seguen facendo uso do entorno do parque eólico en cuestión. Isto, ademais, tal e como se mencionaba no Estudio de Efectos Acumulativos do PE Alvite II será obxecto dun seguimento ambiental durante a fase de funcionamento del Parque Eólico.

Do mesmo xeito, na Adenda ao Estudio de Impacto Ambiental do Parque Eólico Alvite II, incluíronse as medidas sinaladas pola DXPN noutros informes emitidos para outros proxectos, de cara a mitigar o impacto do proxecto sobre a avifauna detectada no ámbito de estudio.

Ao mesmo tempo, levarase a cabo un Programa de Vixilancia Ambiental (PVA) que cumprirá coas condicións mínimas incluídas no Anexo I do informe emitido pola DXPN para o proxecto durante a fase de explotación.

Tal e como se contempla no Estudio de Impacto Ambiental sometido a información pública, o alcance do programa de vixilancia contempla os posibles efectos sinérxicos que poden ser xerados pola implantación do proxecto, que, no caso de que se detecten durante a explotación do parque,



poranse en coñecemento da administración a través dos informes de seguemento ambientais ordinarios, aplicándose as medidas oportunas.

Cabe destacar que o Promotor cumprirá, en todo caso, os condicionados incluídos na futura Declaración de Impacto Ambiental (DIA) para o PE Alvite II, en caso de discordancia co Programa de Vixiancia Ambiental presentado na Adenda. Cumpliranse, polo menos, as condicións mínimas que solicite a Administración competente”.

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ O promotor volta a resumir e recoller aspectos incluídos na documentación que fora achegada para a emisión dos informes anteriores, información avaliada nos mesmos polo cal non procede voltar a incidir sobre estes aspectos.
- ❖ Por outro lado, o promotor fai referencia a unha modificación de redución do número de aeroxeneradores (de 6 a 3), así como a unha adenda presentada do EslA, dal cal non tiñamos constancia en esta Dirección Xeral cando se elaborou o informe con data 18.12.2022. Ditas modificacións (reducción de 6 a 3 aeroxeradores), así como as adendas correspondentes, foron achegadas a ista Dirección Xeral con data 11.01.2023; os resultados e valoracións destas novas modificacións amosanse en apartados sucesivos.
- ❖ Outros asuntos tamén plantexados foron contestados en considerandos anteriores. Cabe engadir unicamente que en ningún caso a DXPN no seu informe indica que son as rutas migratorias ou as especies unicamente catalogadas as que son obxecto de análise e protección, ao que debe resaltarse tamén que non só é o efecto barreira o considerado senón que tamén, e destacadamente, o efecto baleiro. Non só existen movementos e rutas migratorias, senón que tamén movementos diarios e estacionais locais.

— **Cuarto considerando.**

No seguinte apartado o promotor sinala:

“Respecto á situación local, tocante aos proxectos situados na mesma ADE temos que indicar: en primeiro lugar, reiterar que non é admisible que para a





emisión dos informes sectoriais se utilice como base de datos dun visor carente de efectos xurídicos, non actualizado coa situación real dos proxectos e non se utilicen os expedientes concretos dos proxectos aos que se fai referencia no informe; en segundo lugar, que o único parque en funcionamento dentro da ADE Outes é PE Serra de Outes (parque tendente á repotenciación coa conseguinte redución de aeroxeneradores) a máis de 6 km aproximadamente ao sur oeste do PE Alvite II e o de Banzas con DIA aprobada a outros 6 km aproximadamente so sur.

Respecto aos proxectos que o informe do 18.12.2022 da DXPN considera que pechan o espazo dispoñible entre os PPEE Serra de Outes (fase I), Banzas e Corzán (coa súa ampliación) por unha banda e cos PPEE A Picota e A Picota II pola outra, logo do trámite de información pública o PE Alvite estará configurado por 9 aeroxeneradores e non por 12 e o PE Alvite II estará formado por 3 aeroxeneradores e non por 6.

En resumo, o número de aeroxeneradores pasa de 18, dos PPEE Alvite e Alvite II, a 12 coa configuración final dos proxectos. Con esta redución libérase o espazo dispoñible entre os PPEE e os PPEE Serra de Outes (fase I), Banzas e Corzán (sen prexuízo de que estes proxecto tramiten a correspondente repotenciación) e cos PPEE A Picota e A Picota II, xa que elimínanse as ubicacións máis próximos aos mesmos”.

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Neste apartado o promotor volta a insistir en aspectos que xa referiu no seu primeiro considerando, como a invalidez do uso do rexistro eólico de Galicia . Neste senso non se repetirá o xa sinalado a este respecto.
- ❖ Por outra banda sinalar, que o informe do 18.12.2022 tivo en conta a información achegada para emitir o informe así como aquela outra dispoñible por esta unidade administrativa, e nese marco o informe ten a súa vixencia, marcos diferentes terán que ser comunicados debidamente dentro dos procedementos que correspondan. Con respecto ao aporte da nova documentación, xa quedou todo matizado nas consideracións do terceiro



considerando, e procederase a avaliar a nova situación amosando os resultados en apartados posteriores.

Dentro deste considerando o promotor tamén sinala o seguinte:

“En canto ao cálculo da área afectada, en primeiro lugar sinalar que o estudo da SEOBirdlife sinala 1 km ao redor de cada aeroxenerador como área de estudo e non como área de afección; a interpretación que fai o informe da DXPN carece de base e é desproporcionado tendo en conta que a normativa de aplicación sinala que serán 200 m ao redor dos aeroxeneradores os que se deben ter en conta para os efectos do cambio de cualificación do solo.

En resumo, o informe da DXPN utiliza datos desactualizados e aplica analoxías desproporcionadas para xustificar o a existencia do efecto barreira.

Ademais o informe, para valorar a superficie afectada, pondera, non sabemos como, unha serie de criterios:

- Rede galega de espazos protexidos e espazos ben conservados en estudo.*
- Áreas incluídas na Resolución do 18 de outubro de 2021, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural.*
- Reservas da bioesfera.*
- Resto do territorio.*

A parte de que a citada Rede, a día de hoxe, non está desenvolvida, senón en estudo, o PE Alvite II, como se recoñece no informe da DXPN do 18.12.2022, o lugar onde se localiza non ostenta ningunha figura de espazos naturais protexidos, non se atopa en ningún espazo que, neste momento, se atope en estudo na Dirección Xeral de Patrimonio Natural por reunir importantes valores ambientais, a zona de actuación non está comprendida dentro dos límites de ningunha área protexida por instrumentos internacionais, o desenvolvemento do proxecto non afecta zonas húmidas inventariadas, non afecta a áreas prioritarias para avifauna ameazada e/ou zonas de protección da avifauna contra liñas eléctricas de alta tensión... Non está próximo tampoco a ningunha das reservas da bioesfera. É dicir, o informe da DXPN pretende ponderar, non se



sabe ben cómo, uns criterios respecto dunhas zonas, que en ningún caso lle son de aplicación ao ámbito de afección do PE Alvite II.

Polo tanto, tendo en conta a actual configuración dos PPEE Alvite e Alvite II quedaría liberado o espazo disponible entre os os PPEE e os PPEE Serra de Outes (fase I), Banzas e Corzán non contribuíndo ao ensanche da barreira eólica xa existen formada polos parques autorizados pola administración autonómica.

[...]

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que, unha vez recibidas as modificacións levadas a cabo no proxecto (reducción de 6 a 3 aerogeradores), procedeuse a avaliar, entre outras cousas, os efectos acumulativos e sinérxicos sobre a avifauna e quirópteros, empregando a mesma metodoloxía e criterios expostos no informe do 18.12.2022, co cal non será necesario volver a comentalos.

Debido a esta redución, e tendo en conta os informes desfavorables emitidos por sinerxias dos parques eólicos de Alvite e A Picota II, os tres aerogeradores que quedan do parque eólico Alvite II quedan aislados e nunha posición marxinal dentro da ADE. Por outra parte, a superficie afectada pola nova versión do parque eólico Alvite II sumada a superficie que ocupan o resto dos parques eólicos en funcionamento ou aprobados, dentro da ADE e ADEs veciñas e comparada ca superficie dispoñible na mesma ADE e ADEs veciñas ponderada en función dos criterios xa mencionados no informe do 18.12.2022, considérase admisible e, polo tanto **NON se prevé que a construción deste parque eólico xere un efecto sinérxico, principalmente de tipo baleiro e/ou barreira sobre a avifauna e quirópteros.**

— **Quinto considerando.**

Neste apartado o promotor sinala o seguinte:

"En canto ao resto das consideracións efectuadas por DXPN ao longo do seu informe, a continuación achégase a resposta a cada unha delas

"É fundamental destacar a presenza de hábitats idóneo para Circus sp. de matogueiras a uns 4-5 km ao sur da ubicación do proxecto. Neste sentido a





documentación non analiza os efectos sinérxicos/acumulativos de presenza de parques eólicos máis próximos sobre estas especies ameazadas.”.

*Tal e como se especifica no Estudo de aves e quirópteros relativo ao Parque Eólico Alvite II, durante os traballos de campo levados na zona de estudo, os cales implican un esforzo de mostraxe equivalente a unhas 20 horas de censo, non se detectou a presenza de aguilucho cenizo (*Circus pygargus*) e/o aguilucho pálido (*Circus cyaneus*). Aínda que é certo que ao sur da localización do proxecto poderían aparecer hábitats potenciais para a presenza destas especies, nos traballos de campo realizados durante un ciclo anual completo (marzo 2020 – febreiro 2021) na contorna do PE Alvite II, non se constatou a súa presenza.*

*A pesar diso, durante a fase previa ao comezo das obras comprobarase a ausencia de especies protexidas, incluído o xénero *Circus*, na zona obxecto das actuacións.*

En caso de detectar a súa presenza, poñeríanse en marcha as actuacións necesarias para evitar afeccións, incluíndo a comunicación ao órgano substantivo e ambiental. Durante a fase de explotación do proxecto, tamén se realizará un seguimento de avifauna no cal, de detectarse potenciais afeccións a especies protexidas, comunicarase ao organismo competente, aplicándose as medidas pertinentes, tal e como se especifica no programa de vixilancia ambiental”.

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Ca nova modificación do proxecto e unha vez analizados os efectos acumulativos e sinérxicos, dita área de “hábitat idóneo para *Circus sp.*”, queda alonxada da nova ubicación do parque eólico Alvite II, e dado que nos inventarios de campo non se detectaron exemplares do xénero *Circus sp.*, entendemos que a execución do presente proxecto non xerará efectos negativos sobre dito hábitat nin sobre as especies do xénero *Circus sp.*

Neste mesmo considerando o promotor sinala tamén referíndose ao seguinte párrafo do informe do 18.12.2022:





"Falta a cartografía e medidas a adoptar con respecto das redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal existente na contorna onde se van a desenvolver as obras, segundo o artigo 20 bis.c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia."

Como anexo á Adenda ao "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alvite II. Enero 2022" (en adiante Adenda) inclúese un plano no que se representan os límites da faixa de xestión de biomasa.

As medidas a adoptar son as definidas no artigo 20 bis. c) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as cales se incluíron no apartado 4.3.4. Impactos sobre a vexetación da Adenda".

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Unha vez aportada a cartografía de redes primarias das faixas de xestión da biomasa vexetal, implementada cas medidas a adoptar incluído, todo elo na Adenda ao "Estudio de Impacto Ambiental Parque Eólico Alvite II. Enero 2022", podemos dicir que **estarían subsanadas as deficiencias**.

Seguindo con este considerando o promotor sinala tamén referíndose ao seguinte párrafo do informe do 18.12.2022:

"Non se describen traballos de campo para o estudo de mamíferos distintos dos quirópteros. Tampouco de anfibios nin invertebrados".

O estudo de invertebrados, anfibios, réptiles e mamíferos distintos a quirópteros levouse a cabo no mesmo período temporal que as mostraxes de ciclo anual anteriormente citados (marzo 2020 – febreiro 2021). As prospeccións sobre estes grupos consistiron na detección visual directa por parte dos técnicos ambientais encargados dos traballos de campo, tanto de forma directa mediante a observación de exemplares dos grupos faunísticos citados, como de forma indirecta a través de evidencias do seu uso da zona (pegadas, rastros, tobos, feces, postas, etc.).

Téñase en conta que estes traballos de campo foron realizados por un equipo técnico formado por biólogos colexiados especializados en prospeccións e mostraxes de fauna, pertencentes á empresa EMBERIZA ESTUDOS AMBIENTAIS





S.L.U. (CIF: B70511373), consultoría ambiental con dilatada experiencia en estudos do medio natural.

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:

- ❖ Aunque aparezcan descritos breve e someramente no escrito de alegacións os traballos de campo para o estudo de mamíferos distintos dos quirópteros, así como de anfibios e invertebrados, na adenda aportada seguen sen describirse estes traballos.

Continuando no mesmo considerando, o promotor fai referencia a varios parágrafos do informe do 18.12.2022, como son os seguintes:

“Non se localizaron nos traballos de campo efectuados exemplares do xénero Euphorbia ulginosa nin de Isoetes fluitans que potencialmente poden verse afectados pola execución do proxecto. No segundo caso, trátase dun pteridófito con predilección polos fondos arenosos e pouca contaminación, circunstancia que se da na zona norte do ámbito do proxecto (particularmente ao norte da AC-400) aínda que a lámina de auga do río das Maroñas na zona de implantación do aeroxerador AL-01 presenta unha velocidade elevada, e unha relativa carga contaminante debido á alta actividade agrícola na contorna. É probable que augas abaixo, e non a unha elevada distancia da zona de proxecto respecto a a Braña do Madeiro localícense exemplares de Isoetes fluitans e Euphorbia ulginosa, pero o equipo redactor nos traballos de campo non as identificou na contorna afectada pola execución do vial ao aeroxerador AL-01”.

“En xeral, a maioría das infraestruturas do proxecto sitúanse de maneira que se eviten ao máximo posibles afeccións a formacións vexetais autóctonas e ligadas a ecosistemas acuáticos; identifícase que tan só a posición AL-01 afecta a vexetación de alto valor polo cruzamiento do vial sobre o río das Maroñas”.

“A nivel de hábitat identifícanse varios tipos de hábitat afectados no ámbito; con todo, nos estudos de campo efectuados non se observa a presenza do hábitat identificado nas manchas, tan só obsérvase unha lixeira afección pola apertura de vial no acceso ao aeroxerador AL-01 do hábitat 91EO”.*

Ao respecto deste apartado sinalar dende DXPN que:



- ❖ Analizada minuciosamente a superficie onde se ubicará o parque eólico Alvite II e, mais concretamente o espazo que ocupa o humedal e os hábitats de interese comunitario mencionados no informe do 18.12.2022, observamos unha forte alteración debido a actividade agrogandeira, que levou a que na actualidade non existan vestixios de ditos espazos.
- ❖ A maiores e, a vista das medidas propostas polo promotor, vemos compatible a instalación do parque eólico Alvite II na superficie descrita.

III. Conclusións

Á vista dos antecedentes e da análise e valoración realizada sobre os posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos do parque eólico Alvite II, infórmase que **o presente proxecto, tras as modificacións, non provoca efectos sinérxicos incompatibles no ámbito das nosas competencias, sempre que se cumplan as seguintes condicións:**

- O proxecto desenvolverase só coas tres máquinas propostas.
- En ningún momento os hábitats de interese comunitario existentes na contorna, fora da zona das actuacións, poderán verse afectados directamente polos traballos, nin indirectamente por tarefas asociadas aos mesmos (tránsito de maquinaria, depósito de subprodutos, remoción do solo,...).
- Evitarase o depósito de residuos ou produtos sólidos en zonas onde os escoamentos produzan arrastres aos cursos fluviais, coa conseguinte contaminación de augas continentais.
- Queda prohibida calquera vertedura de material contaminante (cemento, formigóns, alcatrán, pintura, etc). Así mesmo, tomaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derrames accidentais dos depósitos de almacenamento de produtos como aceites, graxas e carburantes de motores.
- Todas as augas que saian das zonas de instalacións das obras, derivaranse e someteranse a un sistema de desbaste e decantación de sólidos. Así mesmo, todas as augas procedentes dos formigonados derivaranse e someteranse a un





sistema de desbaste e decantación de sólidos, regulación do pH e eliminación de aceites e graxas.

- Durante a realización dos traballos non se producirán arrastres nin enturbamentos das augas continentais susceptibles de ser afectadas. En todo caso, prohibese calquera tipo de vertido que poida afectar á calidade das augas continentais. En consecuencia, as augas susceptibles de ser afectadas cumprirán en todo momento (incluso na época de estiaxe), o preceptuado no artigo 80º sobre calidade mínima esixible ás augas continentais (Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais).
- A restauración tanto das zonas desmanteladas como das zonas afectadas polas novas actuacións realizaranse segundo o plan de restauración coa finalidade de recuperar os hábitats de interese comunitario existentes na contorna.
- Así mesmo cabe facer énfase na importancia da aplicación de accións para a protección da avifauna e os quirópteros, polo que se fai oportuno que o proxecto incorpore medidas adicionais que garantan a minimización do impacto por colisión, tal que:
 - ❖ Para os quirópteros:
 - Restrinxirase a rotación das pas das turbinas o máis posible por baixo da velocidade de réxime, determinando a velocidade do vento en buxe por baixo da cal os aeroxeradores permanecerán parados.

Non obstante, a mortalidade por colisión está vinculada á actividade dos morcegos, e esta ven condicionada por múltiples factores, variando ao longo do ano, a hora do día, a especie, etc. Por outra parte, a súa actividade depende tamén da velocidade do vento, que, á súa vez, é o principal factor que determina a produción da instalación.

No caso de que se queira operar a velocidades inferiores á velocidade de réxime, deberá realizarse un estudo que analice con detalle as frecuencias de voo reais, na área de rotación das pas, de cada especie de morcego en





función das condicións de operación que se pretendan aplicar (mes do ano, horario diario, velocidades do vento, etc.).

Este estudio poderá presentase en calquera momento, antes ou despois da instalación do parque eólico para modificar as condicións da DIA.

- No plan de vixilancia ambiental informárase sobre os tempos que a velocidade do vento foi inferior ao limiar establecido e a porcentaxe en que os aerogeneradores permaneceron parados por este motivo.

❖ Para as aves:

- Implementar tecnoloxías de redución do impacto por colisións como sistemas de detección baseados en vídeo (DtBird ou similar), que son sistemas que traballan de forma independente para facer un seguimento das aves e mitigar a mortalidade das rapaces nos emprazamentos de turbinas eólicas. O sistema detecta as aves automaticamente e pode adoptar dúas medidas sucesivas para mitigar o risco de colisión das aves: activar sons de alerta e, no caso de ser insuficiente, parar a turbina eólica.
- En todo caso, como medida disuasoria pasiva, se debe pintar en negro unha das aspas de cada un dos aerogeneradores, polo menos en 2/3 desde a punta da pa.

O plan de vixilancia ambiental medirá a mortalidade observada neste parque e a comparará coa mortalidade dos parques lindeiros xa existentes (con aerogeneradores sen pintar) para informar si a medida é ou non eficaz, e para que especies.

A eficacia desta medida foi probada con éxito no parque eólico Smøla, cuxos resultados se publicaron en "*Paint it black: Efficacy of increased wind turbine rotor blade visibility to reduce avian fatalities*". May R, Nygård T, Falkdalen U, Åström J, Hamre Ø, Stokke BG. *Ecol Evol.* 2020;10:8927–8935. <https://doi.org/10.1002/ece3.6592>".

Finalmente engadir que:

- ÷ De acordo con información achegada a esta Dirección Xeral por parte de AESA o pintado dun dos álabes das turbinas eólicas de cor negra é



admisible e pódese incluír como condicionado de sinalización nas resolucións de servidumes. AESA sinala que a cor por defecto é branca, pero, despois dunha análise de seguridade, comprobouse que ese cambio non impón riscos á seguridade aérea.

- ÷ Respecto ao impacto paisaxístico e turístico, nesta cuestión indicar que prevalece a conservación das especies.
- ❖ O plan de vixilancia ambiental avaliará tanto o impacto do parque eólico por colisión sobre as aves e os morcegos, como a efectividade das medidas requiridas nos parágrafos anteriores.

IV. Condicións mínimas para os plans de vixilancia ambiental no relativo ao control da mortalidade por colisión en parques eólicos durante a fase de explotación.

Ademais do recollido no apartado anterior (III. Conclusións) deberanse de aplicar as condicións expostas a continuación que se refiren exclusivamente ao relativo ao control da mortalidade de aves e quirópteros por colisión contra os aeroxeradores durante a fase de explotación e teñen o carácter de mínimos.

No que se refire a este tipo de impacto, os plans de vixilancia ambiental terán por obxecto os seguintes fins:

- coñecer o impacto real do proxecto autorizado,
- establecer medidas correctoras no caso de que se produzan impactos significativos, e
- fixar unas directrices mínimas, facilmente repetibles e que aporten información homoxénea.

Os planes de vixilancia ambiental terán o seguinte contido:

- 1) Un calendario de visitas a partir do inicio da fase de explotación durante os tres primeiros anos.**



Durante esta fase se programará unha visita a cada máquina cada 15 días por termo medio, en ningún caso separadas máis de 30 días.

O obxecto é cuantificar a mortalidade total producida por cada unha das máquinas, identificando si existen patróns temporais e/ou estruturais sobre a mortalidade de aves ou morcegos (aeroxeradores especialmente conflictivos, coincidencia das incidencias con períodos de relevancia biolóxica para as especies, etc.).

2) Un calendario de visitas a partir do cuarto ano e ata o final da fase de explotación.

Unha vez superada a primeira fase, deberíanse establecer as medidas correctoras oportunas para evitar os impactos non compatibles. En consecuencia, a partir dese momento a mortalidade debería ser baixa e se podería reducir o esforzo na vixilancia.

Durante este segundo período, cada ano deberase facer polo menos unha inspección de tódolos aeroxeradores naquela época do ciclo anual na que maior mortalidade se detectase durante a primeira fase.

A maiores desta inspección, se programarán outras visitas ao longo do ano, de forma que se inspeccione cada máquina outras 3 veces máis.

O calendario da segunda fase será estable ao longo dos anos ao obxecto de poder comparar a evolución da mortalidade.

3) Unha definición do método de busca de cadáveres.

A unidade de mostraxe será un círculo de diámetro igual a un 110% o diámetro do rotor, arredor da base da torre. Para identificar facilmente cada aeroxerador, as torres deberían ter rotulado no pé un código identificativo.

As buscas deberán levarse a cabo por observadores expertos ou/e adestrados previamente ao inicio do plan. Aconséllase empregar cans adestrados dado que teñen unha taxa de detección moito máis alta e os tempos invertidos en cada inspección son notablemente menores, o que supón unha mellor avaliación do impacto e unha economía de medios.



En calquera caso, deberá garantirse que a taxa de detección dos equipos (para aves do tamaño dun paspallás) é superior ao 65%, deixando ao promotor a decisión de como acadar esta cifra (varios factores inflúen en esta capacidade: número de persoas, uso de cans, tempos empregados, cobertura vexetal, ...).

En caso de que a vexetación situada dentro da superficie de mostraxe impida acadar esta cifra de detectabilidade, deberían facerse desbroces.

4) O cálculo da taxa de desaparición de cadáveres.

Levarase a cabo un estudio dentro das superficies de mostraxe que avalíe a taxa de desaparición de cadáveres debida á acción dos carroñeiros.

Calcularanse tres taxas de desaparición de cadáveres: unha para aves grandes (tipo faisán), outra para aves de tamaño medio (tipo paspallás) e unha terceira para aves de pequeno tamaño e morcegos.

Estes estudos deberán ter en conta no seu deseño as diferenzas estacionais nos hábitats de localización dos proxectos eólicos, sobre todo se as condicións ambientais difiren moito en distintas datas do ano.

Realizarase un estudo ao inicio da fase de explotación, outro no cuarto ano e, a partir deste, cada 5 anos dado que as condicións ambientais e as poboacións de carroñeiros son variables ao longo do tempo.

5) O cálculo da mortalidade real.

A mortalidade real calcularase para cada aeroxerador e para o conxunto de máquinas, a partir dos datos de mortalidade atopados para cada especie, a taxa de detección dos equipos e as taxas de desaparición de cadáveres.

Os modelos matemáticos empregados para este cálculo estarán validados cientificamente. En calquera caso aportaranse os datos de mortalidade empregando algunha das fórmulas propostas por:

- ❖ Huso, M. 2010: An estimator of wildlife fatality from observed carcasses. *Environmetrics* 22: 318-329.
- ❖ Franzi Korner-Nievergelt, Pius Korner-Nievergelt, Oliver Behr, Ivo Niermann, Robert Brinkmann & Barbara Hellriegel. 2011: A new method to determine



bird and bat fatality at wind energy turbines from carcass searches. Wildlife Biology 17: 350-363.

6) Un calendario de informes.

Durante os tres primeiros anos de aplicación do plan de vixilancia ambiental, presentarase un informe semestral cos seguintes contidos:

- ❖ Un resumo inicial do período ao que se refira o informe que permita coñecer rapidamente (para cada maquina e en conxunto) as especies e o número de cadáveres atopados, a súa categoría nos catálogos de especies ameazadas, as xornadas invertidas, os índices de detección e depredación e a mortalidade total estimada.
- ❖ Un apartado dedicado a mostrar os albores de alerta e críticos establecidos, sinalando se se superou algún e a causa. Tamén indicaranse as medidas correctoras aplicadas.
- ❖ Un capítulo de antecedentes no que se resuman os resultados de tódolos informes semestrais anteriores. Esta información deberá incluír, ademais das variables mencionadas no primeiro punto, táboas e gráficos que permitan unha comprensión rápida da información. Entre elas unha táboa da mortalidade directa histórica coa denominación de cada aeroxerador, a súa coordenada UTM precisa, as especies accidentadas e as datas das observacións.
- ❖ Descrición detallada da metodoloxía e técnicas de seguimento, incluíndo como mínimo, as datas de realización, técnicas de prospección, superficie e tempo de busca, periodicidade entre xornadas, aeroxeradores revisados por visita, e o nome e cualificación das persoas que executaron os traballos.
- ❖ Táboa coas especies atopadas mortas, o número de exemplares, a data da observación, a localización UTM e o aeroxerador ou infraestrutura concreta que produciu a morte.
- ❖ Un apartado que detalle o estudio no que se atoparon as taxas de detectabilidade por parte dos observadores e as taxas de desaparición de cadáveres. Este incluírá polo menos, o número e tipo de reclamos



empregados, as datas dos experimentos, a periodicidade de visita aos cadáveres e a fórmula empregada para a estimación da mortalidade.

- ❖ Táboa co número de exemplares atopados mortos e exemplares estimados mortos en base ás taxas de desaparición e detectabilidade, diferenciando aves de pequeno, mediano e grande tamaño, así como morcegos.

A partires do cuarto ano, os informes semestrais pasarán a ser anuais, presentándose a continuación da inspección anual de tódolos aeroxeradores a que se fai referencia no apartado b).

7) Informes extraordinarios.

Cada vez que se supere un albor de alerta ou crítico, presentarase un informe á Dirección xeral de Patrimonio Natural dando conta do feito concreto que sucedera. A este informe incorporarase unha proposta concreta para corrixir o impacto e evitar que volva a acontecer no sucesivo.

8) Unha identificación clara dos albores de alerta e críticos.

Entendese por "albor crítico" aquel valor da taxa de mortalidade observada nun parque eólico que se considera inaceptable. Cada especie terá o seu propio albor crítico.

Por taxa de mortalidade observada entenderase o número total de cadáveres observados dunha especie durante os últimos 3 anos de funcionamento do parque eólico.

Posto que o estado de conservación das especies é variable no tempo, defínese o albor crítico para cada unha das especies de aves e quirópteros de presenza habitual en Galicia do seguinte modo:

- ❖ O 1 % da poboación galega, si a especie non está incluída nin no Catálogo galego de especies ameazadas nin no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial.
- ❖ O 0,1 % da poboación galega, se a especie non está incluída no Catálogo galego de especies ameazadas pero si figura no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial.



- ❖ O 0,01 % da poboación galega, se a especie esta incluída no Catálogo galego de especies ameazadas.
- ❖ En calquera caso, sempre será un valor igual ou superior a 2 e igual ou inferior a 200.
- ❖ Non se establece ningún tipo de albor para as especies de tamaño de poboación descoñecido, salvo para as que están incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, para as que o albor crítico sempre será un valor igual ou superior a 2.

Por poboación galega entenderase a parte dunha poboación que habita na Comunidade autónoma de Galicia e servirá de base o dato máis actualizado de que se dispoña, sempre que este suficientemente avalado cientificamente.

O "albor de alerta" é aquel valor da taxa de mortalidade observada que permite implementar medidas correctoras do impacto antes de acadar o albor crítico.

Establecese o albor de alerta no 50% del albor crítico.

9) Procedemento a seguir en caso de superar un albor de alerta.

En canto se coñeza que se superou un albor de alerta, porase este feito en coñecemento da Dirección xeral de Patrimonio Natural.

Durante o ano seguinte, farase un censo da poboación da aves ou quirópteros afectados na superficie arredor do parque eólico que sexa maior entre as dúas seguintes:

- ❖ Terreos situados a menos de 2 Km dos aeroxeradores.
- ❖ Espazo arredor dos aeroxeradores que é cuberto por 2 veces área de campeo medio da especie na zona de estudio.

Durante os 3 anos seguintes á alerta, establecerase un calendario de visitas aos aeroxeradores igual ao descrito na letra a).

O promotor tomará ao cabo dun ano todas aquelas medidas que considere necesarias para non acadar o albor crítico e as porá en coñecemento da Dirección xeral de Patrimonio Natural, xunto cos datos do censo.



10) Procedemento a seguir en caso de superar un albor crítico.

En cuanto se coñeza que se superou un albor crítico, porase este feito en coñecemento da Dirección xeral de Patrimonio Natural.

Repetirase o censo da poboación especificado na letra anterior e establecerase o calendario de visitas aos aeroxeradores durante outros 3 anos.

De forma cautelar deixaran de funcionar aqueles aeroxeradores que provocasen tódalas mortes polas que se supera o albor crítico.

A Dirección xeral de Patrimonio Natural, previos os estudos que considere necesarios, establecerá todas aquelas medidas que crea necesarias para lograr que as taxas de mortaldade se manteñan por debaixo do albor de alerta, as cales serán de obrigado cumprimento para o titular do parque eólico.

O presente informe emítese sobre a documentación achegada e sen prexuízo doutras comunicacións, autorizacións e/ou informes precisos debendo cumprir o establecido no resto da lexislación que lle sexa de aplicación. Calquera modificación do proxecto que teña algunha afección sobre o medio natural, requirirá o seu informe correspondente.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O xefe do Servizo de Análise de
Proxectos, Plans e Programas

Carlos González Andrés

O subdirector xeral de Espazos Naturais

Tomás Fernández-Couto Juanas

